



Departamento de Vento Madeira

Programación de Fruta Travesa

Curso 2022-2023

CMUS PROFESIONAL DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1, 32500 - O Carballiño (Ourense)

Tlfn.: 988 53 00 07 / Fax: 988 53 00 08

cmus.profesional.carballino@edu.xunta.gal

Índice

1. Introducción	5
2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais	5
2.1. Grao Elemental	5
2.2. Grao Profesional	6
3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais	7
4. Metodoloxía	8
4.1. Principios metodolóxicos.....	8
4.2. Métodos didácticos	9
5. Atención á diversidade	10
6. Temas transversais	11
6.1. Educación en valores.....	11
6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)	13
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	13
7.1. Cursos e clases maxistrais.....	13
7.2. Audicións	13
8. Secuenciación por cursos	14
8.1. Curso: 1º de grao elemental.....	14
8.1.1. Obxectivos	14
8.1.2. Contidos.....	14
8.1.3. Repertorio	14
8.1.4. Criterios de Avaliación:.....	15
8.2. Curso: 2º de grao elemental.....	15
8.2.1. Obxectivos	15
8.2.2. Contidos.....	15
8.2.3. Repertorio	16
8.2.4. Criterios de Avaliación.....	16
8.3. Curso: 3º grao elemental.....	16
8.3.1. Obxectivos	16
8.3.2. Contidos.....	17
8.3.3. Repertorio	17
8.3.4. Criterios de Avaliación.....	17
8.4. Curso: 4º de grao elemental.....	18
8.4.1. Obxectivos	18
8.4.2. Contidos.....	18
8.4.3. Repertorio	18

8.4.4.	Criterios de Avaliación.....	19
8.5.	Curso: 1º de grao profesional.....	20
8.5.1.	Obxectivos	20
8.5.2.	Contidos.....	20
8.5.3.	Secuenciación.....	21
8.5.4.	Avaliación.....	22
8.5.5.	Recursos didácticos	25
8.6.	Curso: 2º de grao profesional.....	25
8.6.1.	Obxectivos	25
8.6.2.	Contidos.....	26
8.6.3.	Secuenciación.....	27
8.6.4.	Avaliación.....	28
8.6.5.	Recursos didácticos	30
8.7.	Curso: 3º de grao profesional.....	31
8.7.1.	Obxectivos	31
8.7.2.	Contidos.....	32
8.7.3.	Secuenciación.....	33
8.7.4.	Avaliación.....	34
8.7.5.	Recursos didácticos	36
8.8.	Curso 4º de grao profesional.....	37
8.8.1.	Obxectivos	37
8.8.2.	Contidos.....	38
8.8.3.	Secuenciación.....	38
8.8.4.	Avaliación.....	39
8.8.5.	Recursos didácticos	42
8.9.	Curso 5º de Grao Profesional	43
8.9.1.	Obxectivos	43
8.9.2.	Contidos.....	43
8.9.3.	Secuenciación.....	44
8.9.4.	Avaliación.....	46
8.9.5.	Recursos didácticos	48
8.10.	Curso 6º Grao Profesional.....	49
8.10.1.	Obxectivos	49
8.10.2.	Contidos.....	50
8.10.3.	Secuenciación.....	51
8.10.4.	Avaliación.....	52
8.10.5.	Recursos didácticos	55
9.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	56
10.	Procedementos para realizar a avaliación internado departamento	57



11. Anexos.....	58
11.1. Criterios de avaliación, premio e fin de grao.....	58
11.2. Lista orientativa de obras para fruta:	59

1. Introducción

A presente Programación Didáctica de Fruta travesa está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos catro cursos do grao elemental dos seis de que consta o grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento de vento madeira de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de respectivamente. Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras información que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantindo que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1. Grao Elemental

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a conseguinte coordinación entre ambas mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- c) Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto da interpretación individual como de conxunto.

- d) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- e) Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento, empezando a utilizar o vibrato e os diferentes matices para dar cor e expresión á interpretación musical.

2.2. Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo decreto:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolto de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que

compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, aprofundando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa

4. Metodoloxía

Pola propia natureza da ensinanza do Fruta travesa, ao ter unha maior carga de traballo individual, as técnicas de ensinanza serán individuais e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos, desde a preparación de obras e estudos ata un programa de concerto.

Para dar resposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

4.1. Principios metodolóxicos

Os principios que rexen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de saxofón require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases individuais e nos ensaios colectivos, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que nos dicimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais
- **Interdisciplinabilidade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

4.2. Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- Modelo construtivista: Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- Aprendizaxe significativa: Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co construtivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esta se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

5. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de saxofón teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.

- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos nenos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

6. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

6.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A educación ambiental tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á educación para a saúde, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á educación para a igualdade de sexos, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A educación para a paz e a tolerancia traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A educación para o lecer traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á educación do consumidor trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a educación moral e cívica abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Coa aplicación das TIC na aula, preténdese:

- Usar aplicacións con fin pedagóxico como metrónomo, afinador, etc.
- Establecer unha comunicación moito mais activa entre alumno/a-profesor/a ou pai/nai-profesor/a, a través do correo electrónico e/ou outras plataformas.
- Acceder a un sen fin de información sobre músicos, profesores/as, gravacións, compositores, etc. e que o alumnado sexa quen de atopar esa información, cun desenvolvemento áxil nas redes.
- Coñecer novas aplicacións informáticas relacionadas coa edición da escritura musical, a gravación e a mestura e edición de audio.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Os alumnos do departamento de vento-madeira poderán participar nos concertos de apertura do curso, concerto de nadal e no concerto de fin de curso.

7.1. Cursos e clases maxistras

Os cursos e clases maxistras que se desexen establecer, serán organizados por cada profesor, este comunicarallo o xefe de departamento de vento-madeira.

7.2. Audicións

Os alumnos do departamento de vento-madeira están obrigados a realizar unha audición pública durante o curso, a cal estará organizada polo centro.

8. Secuenciación por cursos

8.1. Curso: 1º de grao elemental.

8.1.1. Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación entre ambas mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que se posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

8.1.2. Contidos

- Coñecemento do instrumento (montaxe e conservación) así como unha perfecta colocación do mesmo e dos elementos físicos (corpo e mans) que participan nesta colocación.
- Exercicios de técnica respiratoria con e sen instrumento, buscando prioritariamente a relaxación e o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
- Adestramento progresivo e permanente da memoria.

8.1.3. Repertorio

a) Exercicios:

- Escalas e arpexios M. e m. ata unha alteración con valores longos e nunha 8ª.
- Escalas cromáticas con valores longos e abarcando do SOL grave ao LA medio
- “O frautista debutante” M. Moyse

b) Estudos:

- “Iniciación á fruta”, volume I T. Wye
- Escuchar, leer e tocar, volume 1. De Haske.

c) Obras:

- “A fruta, o meu primeiro recital” A. Arias
- “A fruta clásica”, volume I René LeRoy

8.1.4. Criterios de Avaliación:

- Mostrar unha posición corporal adecuada e un control sobre a respiración que lle permita tocar con naturalidade.
- Adquirir un equilibrio técnico na execución das escalas: control sobre o sopro e coordinación dos dedos; control básico dos músculos que integran a embocadura para emitir un son base adecuado.
- Mostrar unha habilidade progresiva para a memorización.

8.2. Curso: 2º de grado elemental

8.2.1. Obxectivos

- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregarlas, dentro das esixencias do nivel.

8.2.2. Contidos

- Práctica de escalas e intervalos controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.
- Práctica de conxunto para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión.
- Adestramento progresivo da memoria.

8.2.3. Repertorio

a) Exercicios:

- Escalas e arpexos ata 2 alteracións.
- Escalas cromáticas desde o Do 1 ata o Do 3.
- “O frautista debutante” M. Moyse.

b) Estudos:

- “Iniciación á frauta”, Volume II T. Wye.
- “18 pequenos estudos rítmicos” C. Cheret.
- Escuchar, leer e tocar, volume 1 e volumen 2. De Haske.
- Material proporcionado polo profesor.

c) Obras:

- “A frauta clásica”, Volume II Classens e R. Le Roy.

8.2.4. Criterios de Avaliación

- Conseguir unha base sonora desde o Do 1 ata o Re 3.
- Adoptar certa naturalidade e automatización entre a respiración e a coordinación entre o corpo e en especial os dedos.
- Control básico na execución das articulacións musicais.
- Memorizar textos musicais acordes ao nivel.

8.3. Curso: 3º grao elemental

8.3.1. Obxectivos

- Desenvolvemento da automatización que permita a integración técnica en todos os aspectos esixidos ao alumno.
- Interpretar repertorio variado acorde co nivel do curso e do alumno.

8.3.2. Contidos

- Consolidación da base técnica adquirida.
- Mellora da base sonora.
- Adestramento da memoria.

8.3.3. Repertorio

a) Exercicios:

- Escalas e arpexos ata 4 alteracións.
- Escalas cromáticas con diferentes articulacións e velocidade progresiva.
- “O frautista debutante” M. Moyse.

b) Estudos:

- “18 pequenos estudos rítmicos” C. Cheret.
- Escuchar, leer e tocar, volume 2. De Haske.

c) Obras:

- “A fruta clásica”, Volume III H. Classens e R. Lle Roy
- “Siciliana”, da Sonata en Fa M. fx nº4 A. Vivaldi.
- “Aria”, para fruta e piano G. Auric.
- “O cisne” C. Saint-Saëns

8.3.4. Criterios de Avaliación

- Conservar a calidade da base sonora en todo o ámbito estudado.
- Mellora da calidade na respiración acorde co alumno.
- Dominio progresivo na execución das articulacións musicais.
- Memorizar textos musicais acordes ao nivel.

8.4. Curso: 4º de grao elemental

8.4.1. Obxectivos

- Emitir un son estable e desenvolver as posibilidades musicais do son en todo o ámbito do instrumento.
- Mellora da sensibilidade auditiva para o control do son e da afinación.
- Interpretar un repertorio variado acorde co nivel do curso.

8.4.2. Contidos

- Consolidación dos aspectos traballados en cursos anteriores.
- Desenvolvemento técnico en xeral.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e construtivos acordes co fomento e desenvolvemento da autocrítica positivada.
- Desenvolvemento da capacidade auditiva enfocada cara á proxección do son.
- Progresividade constante da memoria musical.
- Aprendizaxe pormenorizada das estruturas musicais a traballar para o desenvolvemento persoal do alumno como intérprete, acorde co nivel esixido.
- Fomento da autocrítica musical a través do resultado sonoro.

8.4.3. Repertorio

a) Exercicios:

- “Escalas e arpejos expresivos”, do Vol. “Estudos de perfeccionamento”. T. Wye.
- Escalas cromáticas con distintas articulacións e velocidade progresiva.
- “Técnica” T. Wye
- “17 grandes ejercicios diarios” P. Taffanel e Ph. Gaubert.

b) Estudos:

- “24 pequenos estudos melódicos” M. Moyses.

- “15 Estudios Faciles” de E. Kolher.

c) Obras:

- Sonata en Fa M., fx nº 4 A. Vivaldi.
- Sonata en Fa M., fx nº 3 A. Vivaldi.
- Concerto VI, nº 1 A. Vivaldi.
- “Orfeo e Eurídice” C. W. Gluck.
- “Bluettes, 3 pezas fáciles” A. Ameller.
- “Berceuse”, op.16 e “Siciliana”, op. 78 G. Faure.
- “Romanza” A. Honegger
- “Meditación de Thaïs” J. Massenet (arranxo de P.Taffanel)
- “Aria” J. Ibert
- “A cage de cristal”, das “Histoires » J. Ibert
- “Cinco cancións sobre temas xaponeses” E. Bozza
- “4 pezas fáciles” E. Bozza
- “Berceuse” E. Bozza
- “Le petit chévrier corse » H. Tomasi
- “An evening in the village” B. Bartók
- “Feuilles d’album” M. Berthelot

8.4.4. Criterios de Avaliación

- Control básico de todos os aspectos técnicos traballados, especialmente á hora de executar as escalas.
- Interpretar de memoria polo menos unha obra do curso, mostrando un control permanente da base sonora nas súas variadas facetas técnicas e, sobre todo, na demostración das habilidades técnicas enfocadas cara a unha interpretación musical correcta.

- Capacidade do alumno para proxectar e ter conciencia constante do resultado sonoro da súa interpretación.
- Flexibilidade do alumno á hora de extrapolar o seu traballo técnico no estudo de partituras musicais, acorde sempre co nivel do curso.

8.5. Curso: 1º de grao profesional

8.5.1. Obxectivos

- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que se posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Coñecer e practicar os sons/dixitacións da frauta travesa dende o re grave ata o re agudo.
- Dominar as escalas e arpexos maiores, menores ata tres alteracións.
- Reter e madurar os coñecementos adquiridos nas clases individuais.
- Coñecer a frauta travesa como instrumento musical: partes que a compoñen, numeración/nome das chaves, mantemento e hixiene.

8.5.2. Contidos

- Dominar rexistro Do1-La3
- Escala Cromática Re1 ata Sol-La3, ligada y picada, q = 60-80 en x
- Escalas maiores e menores por trimestre, ata 3-4 alteracións ligadas e picadas, q = 60-80 en x. Inclúe Terceiras, Arpexio, progresións a catro notas.
- 17 Exercicios de Mecanismo de Taffanel&Gaubert.
- 25 estudos románticos Op.66 de Ernesto Kohler
- 24 Pequenos estudos melódicos de Marcel Moyse
- Cada alumno fará como mínimo unha audición técnica non pública ao ano.

- Cada alumno tocará en audición pública as obras preparadas co acompañamento de piano, se así o require. Para iso realizará previamente á audición un mínimo de tres ensaios.
- Traballo da memoria. Tocará unha obra ou movemento ou estudio de memoria.
- Exercicios de harmónicos.
- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Exercicios de mecanismo.
- Exercicios de interpretación.
- Exercicios de articulación.
- Técnicas de estudio.
- Coñecemento dalgúns feitos acústicos e históricos do frauta
- Exercicios de lectura a primeira vista.

8.5.3. Secuenciación

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Teoría y práctica de la Frauta T. WYE
 - o Volumes 1, Sonido
 - o Volumes 3, Articulación
 - o Volumes 5, Respiración y Escalas 4 exercicios
- 20 Estudios op.132 G.GARIBOLDI
- 24 Estudios melódicos con variaciones M.MOYSE
- De la sonorité, art et technique M. MOYSE

SEGUNDO TRIMESTRE

- De la sonorité, art et technique M. MOYSE
- 17 exercicios de mecanismo TAFFANEL & GAUBERT
 - o 4 exercicios

- El desarrollo del sonido a través de la interpretación M. MOYSE
- La técnica de la embocadura Ph. BERNOLD
- 18 Pequeños estudios melódicos, op 41 ANDERSEN

TERCEIRO TRIMESTRE

- 15 estudios fáciles, Op. 33 nº 14 estudios E. KÖHLER
- 17 ejercicios de mecanismo TAFFANEL & GAUBERT.
 - o 4 ejercicios
- El desarrollo del sonido a través de la interpretación M. MOYSE
- Trabajos sobre unha das obras do curso.

8.5.4. Avaliación

- a) Valorar unha boa actitude e interese cara á materia.
- b) Mostrar nas leccións, estudos e obras estudadas a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- c) Memorizar textos musicais acordes co nivel no que se encontra o alumno.
- d) alumno deberá realizar una audición pública mínima o ano e tamén unha audición académica non pública coa presenza de tres Mestres do departamento de vento-madeira, estas dúas audicións serán obrigatorias para tódolos alumnos.
- e) No caso de ter alumnos con algunha dificultade ou superdotación ó profesor elaborará un programa adecuado ás súas necesidades e ás do curso.
- f) A evolución durante o curso sumará o 70% da nota final do curso
- g) A nota da audición académica non pública sumará o 30% da nota final do curso.

Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para realizar unha ampliación deben seguirse os seguintes pasos:

- alumno interesado debe solicitala por escrito

- Debe elaborarse un informe favorable (se o alumno reúne o nivel) por parte de todo o profesorado que lle imparte clase no curso inferior. Se o informe non é favorable o proceso remata.
- A solicitude e o informe debe levarse ó consello escolar, onde debe decidirse si a ampliación é favorable ou non.
- Se é aceptada ó alumno deberá realizar o programa íntegro do curso superior e o 50% do programa do curso no que está matriculado (o que ven sendo ós mínimos esixibles).
- alumno fará unha audición técnica non pública no mes de xaneiro para avaliar os seus progresos.

Mínimos esixibles

- 7 escalas M e m cos seus respectivos arpexos.
- 2 obras.
- 7 exercicios de distintos estilos.
- Realizar durante o curso un exercicio de memoria ou un movemento dunha obra.
- Realizar unha audición pública obrigatoria o ano e unha audición técnica non pública.

Procedementos e ferramentas de avaliación

a) Procedementos:

- Realización de reunións coas nais/pais ou titores do alumnado.
- Observación individual da aprendizaxe mostrada nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Exposición do traballo realizado mediante a realización de unha audición pública ao longo do curso.

b) Ferramentas:

- Caderno de aula (onde queda recollida a información e valoración do traballo diario, a actitude e o comportamento).

- A proba técnica (reflexada no caderno de aula e/ou ficha da proba).
- A audición (poderase utilizar gravacións de audio ou vídeo como complemento).

Criterios de cualificación

- Mostrar unha capacidade de aprendizaxe progresiva individual a través do traballo diario (70% da cualificación).
- Executar exercicios técnicos, estudos e/ou escalas nunha proba técnica e unha obra e audición pública (30% da cualificación).

Medidas de recuperación

No ámbito da recuperación:

- Proba extraordinaria por perda de avaliación continua en xuño.

O nº de faltas no curso que provocan a perda de avaliación continua (xustificadas e sen xustificar) será de 3 por trimestre. Neste caso o alumno terá dereito a un exame no mes de xuño. O profesor realizará un exame de carácter privado ou público, e o repertorio esixido quedará ó criterio do mesmo profesor de acordo cá programación. A nota resultante da proba será a que figure como cualificación final da materia no curso da convocatoria de xuño.

- Probas extraordinarias de setembro:

O alumno que non supere a materia de fruta travesa en xuño poderá presentarse ás probas extraordinarias que terán lugar nos primeiros días do mes de setembro. O profesor especificará o traballo que terá que presentar na proba de setembro para superar o curso. Será o profesor o que lle indique o repertorio a presentar nesta proba, de acordo ca programación do curso no que se atope o alumno.

- Recuperación da materia suspensa no seguinte curso.

Os alumnos que non superen a convocatoria de xuño e setembro na materia de fruta travesa estarán obrigados a repetir curso nesta materia. A forma de recuperación consistirá nunha proba para superar o programa do curso pendente en calquera momento do curso. Dita proba será organizada polo departamento de vento madeira e comunicada ó equipo directivo. En calquera caso manterá as características da audición académica de maio-xuño.

8.5.5. Recursos didácticos

Métodos:

- 17 grandes exercicios de mecanismo TAFFANEL & GAUBERT
- 18 Pequenos estudos melódicos, op.41 ANDERSEN
- 15 estudos fáciles, Op. 33 nº 14 estudos E. KÖHLER
- 20 Estudos op.132 G.GARIBOLDI
- 24 Estudos melódicos con variaciónes M.MOYSE

Obras:

- Sonata (a elixir) M. BLAVET
- Suite en mi menor para fruta y b.c. HOTTETERRE
- Andante Kv. 315, en Do Maior W.A. MOZART
- 3 Sonatas fáciles J.B. VANHAL
- Sonata (a elixir) M. BLAVET
- Morceaux de concours G.FAURE

*Esta lista de obras é só orientativa do nivel do curso, e o profesor poderá elixir para o alumno/a obras de entre as propostas ou ben outras de nivel similar, dependendo das necesidades do alumno/a.

8.6. Curso: 2º de grao profesional

8.6.1. Obxectivos

O ensino do fruta travesa no segundo curso de grao profesional, terá como obxectivo principal o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Desenvolve-la sensibilidade auditiva para perfecciona-la afinación e conseguir gradualmente unha mellor calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde co nivel.

- Profundidade nos coñecementos estilísticos, harmónicos e formais, que lle permitan ó alumno solucionar problemas interpretativos de forma cada vez máis autónoma.
- Coñece-las diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación.
- Desenvolvemento da memoria para conseguir unha interpretación musical máis completa e coherente.
- Práctica da lectura a primeira vista.

8.6.2. Contidos

- Práctica de escalas diatónicas maiores e menores cos seus respectivos arpejos (Perfectos maiores e menores, de sétima dominante e diminuída). Interpretaranse de memoria e con distintas articulacións.
- Profundización no estudio do vibrato como elemento expresivo e de acordo coas esixencias interpretativas dos diferentes estilos.
- Exercita-la memoria e a lectura a primeira vista.
- 17 grandes exercicios de mecanismo de Taffanel&Gaubert.
- 18 pequenos estudos melódicos, op41 de J.Andersen.
- 15 estudos fáciles, Op. 33 nº 1 de .E. Kölher
- Escalas M e m pulso negra=80-90 en semicorcheas.
- Cada alumno fará como mínimo unha audición técnica non pública o ano.
- Cada alumno tocará unha audición pública o ano.
- Traballo da memoria. Tocaré unha obra ou movemento ou estudio de memoria.
- Exercicios de harmónicos.
- Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Exercicios de mecanismo.
- Exercicios de interpretación.

- Exercicios de articulación.
- Técnicas de estudo.
- Coñecemento dalgúns feitos acústicos e históricos do frauta
- Exercicios de lectura a primeira vista.

8.6.3. Secuenciación

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Teoría y práctica de la frauta T. WYE
 - o Volumes 1, Sonido
 - o Volumes 3, Articulación
 - o Volumes 5, Respiración y Escalas 4 exercicios
- 15 estudos fáciles, Op. 33 nº 14 estudos E. KÖHLER
- 20 Estudos op.132 G.GARIBOLDI
- Traballo sobre unha das obras do curso.

SEGUNDO TRIMESTRE

- 15 estudos fáciles, Op. 33 nº 14 estudos E. KÖHLER
- De la sonorité, art et technique M. MOYSE
- El desarrollo del sonido a través de la interpretación M. MOYSE
- La técnica de la embocadura Ph. BERNOLD
- 17 Exercicios de mecanismo TAFFANEL & GAUBERT
 - o 4 escalas
- Traballo sobre unha das obras do curso.

TERCEIRO TRIMESTRE

- 18 pequenos estudos melódicos, op ANDERSEN
- De la sonorité, art et technique M. MOYSE
- El desarrollo del sonido a través de la interpretación M. MOYSE

- La técnica de la embocadura Ph. BERNOLD
- 17 Exercicios de mecanismo TAFFANEL & GAUBERT
 - o 4 escalas
- Traballo sobre unha das obras do curso

8.6.4. Avaliación

- a) Valorar unha boa actitude e interese cara á materia.
- b) Mostrar nas leccións, estudos e obras estudadas a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- c) Memorizar textos musicais acordes co nivel no que se encontra o alumno.
- d) alumno deberá realizar una audición pública mínima o ano e tamén unha audición académica non pública coa presenza de tres Mestres do departamento de vento-madeira, estas dúas audicións serán obrigatorias para tódolos alumnos.
- e) No caso de ter alumnos con algunha dificultade ou superdotación ó profesor elaborará un programa adecuado ás súas necesidades e ás do curso.
- f) A evolución durante o curso sumará o 70% da nota final do curso.
- g) A nota da audición académica non pública sumará o 30% da nota final do curso.

Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para realizar unha ampliación deben seguirse os seguintes pasos:

- alumno interesado debe solicitala por escrito
- Debe elaborarse un informe favorable (se o alumno reúne o nivel) por parte de todo o profesorado que lle imparte clase no curso inferior. Se o informe non é favorable o proceso remata.
- A solicitude e o informe debe levarse ó consello escolar, onde debe decidirse si a ampliación é favorable ou non.
- Se é aceptada ó alumno deberá realizar o programa íntegro do curso superior e o 50% do programa do curso no que está matriculado (o que ven sendo ós mínimos esixibles).

- alumno fará unha audición técnica non pública no mes de xaneiro para avaliar os seus progresos.

Mínimos esixibles

- 7 escalas M e m cos seus respectivos arpexios.
- 2 obras.
- 7 exercicios de distintos estilos.
- Realizar durante o curso un exercicio de memoria ou un movemento dunha obra.
- Realizar unha audición pública obrigatoria o ano e unha audición técnica non pública.

Procedementos e ferramentas de avaliación

a) Procedementos:

- Realización de reunións coas nais/pais ou titores do alumnado.
- Observación individual da aprendizaxe mostrada nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Exposición do traballo realizado mediante a realización de unha audición pública ao longo do curso.

b) Ferramentas:

- Caderno de aula (onde queda recollida a información e valoración do traballo diario, a actitude e o comportamento)
- A proba técnica (reflexada no caderno de aula e/ou ficha da proba).
- A audición (poderase utilizar gravacións de audio ou vídeo como complemento).

Criterios de cualificación

- Mostrar unha capacidade de aprendizaxe progresiva individual a través do traballo diario (70% da cualificación).

- Executar exercicios técnicos, estudos e/ou escalas nunha proba técnica e unha obra e audición pública (30% da cualificación).

Medidas de recuperación

No ámbito da recuperación:

- Proba extraordinaria por perda de avaliación continua en xuño.

O nº de faltas no curso que provocan a perda de avaliación continua (xustificadas e sen xustificar) será de 3 por trimestre. Neste caso o alumno terá dereito a un exame no mes de xuño. O profesor realizará un exame de carácter privado ou público, e o repertorio esixido quedará ó criterio do mesmo profesor de acordo cá programación. A nota resultante da proba será a que figure como cualificación final da materia no curso da convocatoria de xuño.

- Probas extraordinarias de setembro:

O alumno que non supere a materia de fruta travesa en xuño poderá presentarse ás probas extraordinarias que terán lugar nos primeiros días do mes de setembro. O profesor especificará o traballo que terá que presentar na proba de setembro para superar o curso. Será o profesor o que lle indique o repertorio a presentar nesta proba, de acordo ca programación do curso no que se atope o alumno.

- Recuperación da materia suspensa no seguinte curso.

Os alumnos que non superen a convocatoria de xuño e setembro na materia de fruta travesa estarán obrigados a repetir curso nesta materia. A forma de recuperación consistirá nunha proba para superar o programa do curso pendente en calquera momento do curso. Dita proba será organizada polo departamento de vento madeira e comunicada ó equipo directivo. En calquera caso manterá as características da audición académica de maio-xuño.

8.6.5. Recursos didácticos

Métodos:

- 17 grandes exercicios de mecanismo TAFFANEL & GAUBERT

- 18 Pequenos estudos melódicos, op.41 ANDERSEN
- 15 estudos fáciles, Op. 33 nº 14 estudos E. KÖHLER
- De la sonorité, art et technique M. MOYSE
- El desarrollo del sonido a través de la interpretación M. MOYSE
- La técnica de la embocadura Ph. BERNOLD
- 17 Exercicios de mecanismo TAFFANEL & GAUBERT

Obras:

- Concerto en Fa Maior, “La tempesta di mare A. VIVALDI
- Sonata L. da VINCI
- Sonata para Piano y Fruta (a elixir) W.A. MOZART
- Sonata (a elixir) L.V. BEETHOVEN
- Histoires pour flute et piano J. IBERT

*Esta lista de obras é só orientativa do nivel do curso, e o profesor poderá elixir para o alumno/a obras de entre as propostas ou ben outras de nivel similar, dependendo das necesidades do alumno/a.

8.7. Curso: 3º de grao profesional

8.7.1. Obxectivos

O ensino do fruta travesa no terceiro curso de grao profesional, terá como obxectivo principal o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Desenvolve-la sensibilidade auditiva para perfecciona-la afinación e conseguir gradualmente unha mellor calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde co nivel.
- Profundidade nos coñecementos estilísticos, harmónicos e formais, que lle permitan ao alumno solucionar problemas interpretativos de forma cada vez máis autónoma.
- Desenvolvemento da memoria para conseguir unha interpretación musical máis completa e coherente.

- Práctica da lectura a primeira vista.

8.7.2. Contidos

- Práctica de escalas diatónicas maiores e menores cos seus respectivos arpejos (perfectos maiores e menores, de sétima dominante e diminuída), así como intervalos de 2ª, 3ª. Interpretaranse de memoria e con distintas articulacións.
- Profundización no estudo do vibrato como elemento expresivo e de acordo coas esixencias interpretativas dos diferentes estilos.
- Coñecemento e práctica do rexistro sobreagudo do instrumento.
- 17 Exercicios de Mecanismo de Taffanel&Gaubert.
- 24 estudos para frauta, Op. 37 BÖHM.
- Escalas M e m pulso negra=80-90 en semicorcheas.
